



# BANDO MUNICIPAL

**Dona Marián Ferreiro Díaz, como alcaldesa-presidenta do Concello de Narón**

**Fai saber:**

Que con motivo da celebración das festividades do Día de Defuntos e de Todos os Santos, os días 1 e 2 de novembro, e o previsible incremento da afluencia aos cemiterios do noso municipio, o Concello de Narón elaborou e implantou un plan de continxencia fronte á COVID-19 no camposanto municipal, que inclúe recomendacións que trasladaremos ao resto de cemiterios do termo municipal. Conscientes de que o plan só será efectivo coa implicación e o compromiso de toda a cidadanía, achegamos as principais normas de obrigado cumprimento nos camposantos:

- En caso de manifestar síntomas compatibles coa COVID-19 ou se estivo en contacto con casos sospeitosos ou confirmados, non acceda ao lugar.
- Observe as instrucións das persoas traballadoras e responsables da instalación e das normas expostas na cartelería instalada no recinto.
- O acceso ao recinto será libre, se ben recomendamos ás persoas maiores de 60 anos ou de risco que accedan ao cemiterio a primeira hora da mañá e da tarde.
- Recomendamos non acceder acompañado, salvo no caso de persoas dependentes ou que por outra circunstancia xustificada o precisen, aínda que se permitirán grupos de até 4 persoas, sexan ou non conviventes.



NARÓN

- O uso da máscara será obligatorio en todo o recinto, así como a necesidade de manter a distancia de seguridade co resto de persoas localizadas no interior ou exterior do camposanto.
- Recomendamos permanecer no cemiterio o menor tempo posible, aínda que se establecerá un límite máximo de 30 minutos.
- No que se refire ao acceso:
  - No momento de acceder será obligatorio hixienizar as mans co xel disposto na instalación para o seu uso.
  - En caso de permanecer na instalación, recomendamos reiterar o seu uso.
- No que se refire á permanencia e circulación nas instalacións:
  - Cando circule polas vías peonís e para facilitar a circulación, recomendamos que o faga pola marxe dereita con respecto á súa marcha.
  - Evite as aglomeracións de xente e manteña en todo momento a distancia de seguridade co resto de persoas.
  - Os aseos e os baños non estarán operativos.
  - Non se poderán usar elementos comúns, tales como vasoiras, caldeiros ou escadas, debendo utilizar as persoas visitantes o seu propio material.
- En caso de manifestar síntomas compatibles coa COVID-19 unha vez no camposanto, informe o máis axiña posible a algunha das persoas responsables da instalación.

A alcadesa,  
Marian Ferreiro Díaz